

**ARTIGO 5. OBRIGA E FORMA DE PAGO**

A taxa devéngase dende o momento en que se inicie a prestación do servizo ou a realización da actividade.

O pago da taxa farase efectivo en metálico no momento do acceso ao Mosteiro de Carboeiro da persoa obrigada ao pago, a quen se entregará un recibo numerado e selado.

ARTIGO 7. LEXISLACIÓN APLICABLE

En todo o non previsto na presente Ordenanza estarase ao disposto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a Lei Xeral Tributaria, a Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos,

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor o mesmo día da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir de entón, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou a súa derogación expresa.

Silleda, a 13 de febreiro de 2012. — A Alcaldesa-Presidenta, Paula Fernández Pena.

2012001777

A N U N C I O

Transcurrido o prazo de trinta días hábiles dende a publicación no B.O. da Provincia nº 243 de data 21 de decembro de 2011 do anuncio relativo a aprobación inicial da "Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa pola Realización de Actividades Administrativas de Inspección, Control e Verificación de Actividades en Réxime de Declaración Responsable", sen que contra o mesmo se viñeran a producir ningunha reclamación ou suxestión, elévase tal aprobación inicial a definitiva, procedéndose, de conformidade co determinado no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, a súa publicación íntegra, que é do tenor literal seguinte:

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES
ADMINISTRATIVAS DE INSPECCIÓN, CONTROL E VERIFICACIÓN DE ACTIVIDADES
EN RÉXIME DE DECLARACIÓN RESPONSABLE**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 2, 15 a 19, 20 a 27 e 58 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, este Concello establece a taxa pola realización de actividades administrativas de inspección, control e verificación da apertura de actividades económicas sometidas ao réxime de declaración responsable, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

ARTIGO 1. NATUREZA E FEITO IMPOÑIBLE

1. De conformidade con canto se establece polo artigo 20.4.i) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, na redacción dada pola Lei 2/2011, do 4 de marzo, de Economía Sostible, constitúe o feito imponible a prestación da actividade municipal, técnica e administrativa de control e comprobación a efectos de verificar si a actividade realizada ou que se pretende realizar se axusta ao cumprimento dos requisitos establecidos na lexislación sectorial reguladora da mesma, así como na urbanística, sobre ruídos, accesibilidade, medio ambiente e no Código Técnico da Edificación, de calquera actividade económica: agropecuaria, industrial, comercial, profesional, de servizos, etc., cuxa apertura se realice en réxime de declaración responsable ou comunicación previa, así como as súas modificacións, ao obxecto de procurar que os

mesmos teñan as condicións de tranquilidade, seguridade, salubridade, medio ambientais, acústicas e calquera outras esixidas polas normas reguladoras do exercicio da actividade de que se trate. Todo iso de acordo coas facultades de intervención administrativa conferidas aos municipios polo artigo 84 e 84.ter da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

2. Estarán suxeitos a esta Taxa todas as actividades cuia apertura se regula na Ordenanza Reguladora da apertura de actividades económicas non sometidas á avaliación da incidencia ambiental nas que resulte obrigatoria a realización da actividade de inspección verificación nos termos establecidos no parágrafo anterior ao tratarse de actividades non suxeitas a autorización ou control previo e, entre outras, os seguintes:

- a) A primeira instalación dun establecemento ou actividade agrpecuaria, industrial, comercial, profesional ou de servizos, en réxime de declaración responsable.
- b) Ampliación de superficie de establecementos con licenza de apertura, sempre que non implique unha modificación substancial da actividade.
- c) Ampliación de actividade en establecementos con licenza de apertura sempre que non se trate dunha modificación substancial da mesma.
- d) Ampliación de actividade con ampliación de superficie en establecementos con licenza de apertura, sempre que non se trate dunha modificación substancial.
- e) Reforma de establecementos con licenza de apertura, sen cambio de uso nin ampliación superficial nin da actividade.
- f) A reapertura de establecemento ou local, por reiniciar a mesma o titular que obtivo licenza no seu día, se a licenza non tivera caducado.
- g) A posta en coñecemento da administración de calquera modificación dunha actividade que se realizou a preceptiva declaración responsable.
- h) Cambio de titular nas actividades nas que xa se realizou a preceptiva declaración responsable, tendo tal consideración a posta en coñecemento da administración de dito cambio por persoa distinta que para seguir exercéndoa nun establecemento sempre que tanto a propia actividade, o establecemento onde se desenvolva e as súas instalacións non sufriran modificacións respecto á desenvolvida polo anterior responsable e conforme a súa declaración, salvo as que expresamente se impoñan por precepto legal.

3. Aos efectos desta Taxa, entenderase por establecemento toda edificación, instalación ou recinto cuberto, ou ao aire libre, estea ou non aberto ao público, ou como complemento ou accesorio doutro establecemento ou actividade principal, destinado, habitual ou temporalmente, ao exercicio de actividades económicas por conta propia.

ARTIGO 2. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Non se poderán recoñecer outros beneficios fiscais que os expresamente previstos nas normas con rango de ley ou os derivados da aplicación dos Tratados Internacionais.

No suposto de persoas que, procedentes do desemprego, produzan alta no RETA para iniciar a súa actividade económica, aportando xunto coa declaración responsable o certificado de inscrición no Servizo Galego de Colocación ou no INEM, declaración de IRPF do último exercicio para comprobar que carecen de outros ingresos, e certificado de alta na Seguridade Social, será de aplicación un coeficiente de 0.50 sobre a cuota tributaria obtida en aplicación do artigo 4 de esta Ordenanza.

ARTIGO 3. SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos a título de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, titulares ou responsables da actividade que se pretende desenvolver ou xa se estea desenvolvendo en calquera establecemento industrial, mercantil ou de servizos en xeral, que inicien expediente de solicitude de licenza ou similar para a mesma, ou se é o caso, por que presente declaración responsable.

ARTIGO 4. TARIFA

4.1. Tarifa básica para nova implantación con superficie ata 100 metros cadrados: 150,00€

4.2. Coeficientes de incremento pola superficie do local:

Aquelas actividades que se desenvolvan nun establecemento permanente tributarán pola tarifa básica incrementada pola aplicación dos seguintes coeficientes:

SUPERFICIE DO LOCAL COEFICIENTE DE INCREMENTO

Menor de 100 m² Tarifa básica

Entre 100 e 200 1,5

Entre 200 e 500 m² 2

Entre 500 e 1000 m² 2,5

Maior de 1000 m² 3

4.3. Modificacións de licencias

Os establecementos e actividades xa legalizadas e as instalacións propias dos mesmos que sufran modificacións substanciais, que alteran e modifican a declaración responsable anterior, aboarán unha cuota equivalente ós supostos de nova implantación. No caso de que a ampliación de superficie non afecte ás instalacións autorizadas, tomarase como superficie a que corresponda á ampliación do establecemento.

Os establecementos e actividades xa legalizadas e as instalacións propias dos mesmos que sufran modificacións non substanciais, e por tanto que non alteran e modifican con carácter sustancial a declaración responsable anterior, aboarán unha cuota do 50 por cento que lle correspondera como nova implantación.

4.5. Outros supostos

A expedición de informe en contestación á consulta previa segundo o artigo 6 da Ordenanza Reguladora da apertura de establecementos para o exercicio de actividades non sometidas a avaliación da incidencia ambiental devengarán a taxa establecida na ordenanza por expedición de documentos administrativos.

ARTIGO 5. DEVENGO

Devéngase a Taxa e nace a obriga tributaria:

– Cando se presente a solicitude que inicie a actuación ou o expediente, que non se realizará ou tramitará sen que se teña efectuado o pago da correspondente taxa.

– Cando se leve a cabo a actuación inspectora nos casos de regularización de actividades que se estean desenvolvendo sen a correspondente Declaración responsable.

Non obstante, se antes de dictarse resolución que poña fin ao procedemento de inspección, comprobación e control se produce o desistimento da solicitude, por escrito, a cota tributaria reducirase ao 50%.

Non caberá redución no suposto de terse descuberto a apertura da actividade sen presentación de declaración responsable.

ARTIGO 6. XESTIÓN

O abono da taxa de Apertura será previo á presentación da declaración responsable no Rexistro Xeral do Concello, non procedéndose a tramitación algunha sin o mencionado pago.

A taxa deberá ser aboada no prazo de trinta días naturais computados dende a data de presentación da autoliquidación, na entidade bancaria colaboradora ou na Caixa municipal.

Unha vez aboada a débeda, presentarase a declaración responsable, acompañando o exemplar que a tal efecto facilita a entidade bancaria ou a Tesouraría Municipal.

Transcurrido o prazo de pagamento sen efectuarse o abono, entenderáse que o interesado ten desistido da súa petición tácitamente, procedéndose á anulación de dito valor contable.

O abono da Taxa non creará dereito algún para o solicitante, polo que non lle serán de aplicación os prazos establecidos no artigo 1 do Real Decreto Lei 1/1986, de 14 de marzo, de medidas urxentes administrativas, financeiras, fiscais e laboráis, nin lle facultará para realizar a apertura do establecemento, que só poderá levarse a cabo cando se presente a declaración responsable.

Cando se proceda á apertura do establecemento sin ter aboado la tasa, e a infracción se descubra mediante denuncia ou investigación, a débeda tributaria será liquidada polo Departamento Económico do Concello.

Procederáse igualmente con carácter de liquidación complementaria cando a acta que determine a verificación do cumprimento dos requisitos establecidos na lexislación sectorial, en relación coas actividades non suxeitas a autorización ou control previo establezca o encadre nunha tarifa superior á declarada, debendo ser aboada, en período voluntario, nos seguintes prazos:

- a) Si a modificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior ou, si este non fora hábil seguinte.
- b) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e último de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, si este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Disposición Final

A presente Ordenanza Fiscal comezará a aplicarse a partir do día seguinte ao da súa publicación permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Silleda, a 13 de febreiro de 2012. — A Alcadesa-Presidenta, Paula Fernández Pena.

2012001778

A N U N C I O

Ós efectos previstos no artigo 46 e 52 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, publíquese a seguinte Resolución de Alcaldía:

D E C R E T O

CESE DE MEMBRO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E NOMEAMENTO DE MEMBRO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Por decreto de Alcaldía de 4 de xullo de 2011 foron nomeados membros da Xunta de Goberno Local os seguintes concelleiros :

- Manuel Cuíña Fernández .
- Margarita Campos Espiño.
- Antonio Couso Álvarez.
- Matías Rodríguez da Torre.

En aplicación do regulado no artigo 23 da Lei 7/1985, 2 de abril, de bases de réximen local, artigo 65 da Lei 5/1997, 22 de xullo, Administración local de Galicia, artigo 46 do RDLex 781/1986 Texto refundido de disposicións legais vigentes en materia de réximen local e artigo 52 e seguintes do R.D. 2568/1986,

28 de novembro, regulamento de organización, funcionamento e réximen xurídico das entidades locais, visto o regulamento orgánico municipal, esta Alcaldía resolve :

1º) Cesar á concelleira Margarita Campos Espiño como membro da Xunta de Goberno Local (decreto de nomeamento como membro deste órgano de 04-07-11)

2º) Nomear ó concelleiro Klaus Brey Montaña membro da Xunta de Goberno Local

Como consecuencia, a Xunta de Goberno Local do Concello de Silleda pasa a estar composta polos seguintes concelleiros :

- Manuel Cuiña Fernández (decreto de nomeamento de 04-07-11).
- Antonio Couso Álvarez (decreto de nomeamento de 04-07-11).
- Matías Rodríguez da Torre (decreto de nomeamento de 04-07-11).
- Klaus Brey Montaña .

Este Decreto será efectivo dende o día seguinte á firma (art.52 e 46 ROF).

Dése conta ó Pleno na primeira sesión que celebre.

Notifíquese ós interesados.

Publíquese, en cumprimento do disposto no artigo 46 do R.D. 2568/1986, 28 de novembro, regulamento de organización e funcionamento das entidades locais (ROF).

Silleda, 7 de febreiro de 2012.—A Alcaldesa, Paula Fernández Pena.—Dou fe. A secretaria xeral, Cristina Alonso Losada.

2012001779

A N U N C I O

Transcurrido o prazo de trinta días hábiles dende a publicación no B.O. da provincia de anuncio relativo a aprobación inicial da “ORDENANZA REGULADORA DA APERTURA DE ESTABLECEMENTOS PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES NON SOMETIDAS A AVALIACIÓN DA INCIDENCIA AMBIENTAL”, sen que contra o mesmo se viñeran a producir ningunha reclamación ou suxestión, elévase tal aprobación inicial a definitiva, procedéndose, de conformidade co determinado no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, a súa publicación íntegra, que é do tenor literal seguinte:

ORDENANZA REGULADORA DA APERTURA DE ESTABLECEMENTOS PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES NON SOMETIDAS A AVALIACIÓN DA INCIDENCIA AMBIENTAL

Visto o disposto na Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior [Diario Oficial L 376 de 27.12.2006], Lei 17/2009 de 23 de novembro, de libre acceso ás actividades e servizos, e a Lei 13/2010, 17 de decembro, de comercio interior de Galicia e especificamente do preceptuado ,no seu artigo 28, e en virtude da autonomía local constitucionalmente recoñecida, que garante aos Municipios personalidade xurídica propia e plena autonomía no ámbito dos seus intereses, e que lexítima o exercicio de competencias de control das actividades que se desenvolvan no seu termo municipal, dítase a presente Ordenanza previa observancia da tramitación establecida para ese fin polo artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

CAPÍTULO PRIMEIRO. DISPOSICIÓNS XERAIS

ARTIGO 1. OBXECTO

1. A presente Ordenanza ten por obxecto regular os procedementos de intervención municipal sobre os establecementos, locais, ou lugares estables, situados no termo municipal de Silleda destinados ao exercicio de actividades económicas por conta propia, prestada normalmente a cambio dunha